



Unha carreira profesional "virtual"?

A carreira profesional para os Auxiliares A e Oficiais 2ª actuais é virtual, o beneficio económico é moi pequeno.

Os beneficios serán a longo prazo e dependerán do respecto ás condicións actuais para o cobro da antigüidade.

A transformación ten varias vantaxes, cobrarase máis antigüidade pola ampliación do límite ata 559 Euros por paga e tamén pola redución da que se está a cobrar.

As Caixas obteñen seguridade xurídica evitando novas reclamacións individuais ou colectivas. Neste senso outro acordo máis xusto era posible.

A carreira profesional que recolle o preacordo é en grande parte unha carreira virtual, nomeadamente para os actuais Auxiliares "A" e Oficiais 2ª. O beneficio económico a curto prazo da transformación dos *trienios* en *salario base* é a priori moi pequeno, cando non practicamente inexistente.

Os beneficios deste novo sistema deben avaliarse a medio e longo prazo, e neste senso dependerán da continuidade das condicións actuais para o cobro de trienios. Calquera modificación á baixa do cobro da antigüidade deixará sen efectos os beneficios económicos da nova carreira profesional.

Con este sistema os novos empregados/as tardarán 22 anos en cobrar o seu primeiro trienio. A antigüidade xa non é un dereito de todos/as, o cal podería restar resistencia para a súa desaparición en futuros convenios. Os trienios son un salario diferido que a partir de hoxe debemos defender con máis forza.

Auxiliares "A" e Oficiais 2ª compran o ascenso coa súa antigüidade, o que ten varias vantaxes:

- Minimiza unha posible aplicación no sector da coñecida como "*Sentencia de Unicaja*". Segundo esta sentenza os trienios que percibimos nas pagas extras non son un dereito, son unha concesión das Caixas.
- O Convenio Colectivo establece que o importe total que podemos cobrar en concepto de antigüidade non pode superar o 45% do salario base. O novo salario base do nivel VIII é mais alto polo que o tope se amplía ata os 559 euros/paga. Por outra banda a transformación de ata 4 trienios en salario base permitirá cobrar máis antigüidade aos traballadores/as que estaban preto do seu actual límite do 45%.

	<i>Salario Base</i>	<i>Trienio</i>	<i>Tope máximo</i>
<i>Auxiliar A</i>	<i>1.001</i>	<i>40</i>	<i>450</i>
<i>Oficial Segunda</i>	<i>1.122</i>	<i>45</i>	<i>504</i>
<i>Nivel VIII</i>	<i>1.243</i>	<i>50</i>	<i>559</i>

O sistema creado ten poucas repercusións a curto prazo, é certo que calquera carreira profesional debe avaliarse a medio e longo prazo, pero tamén é certo que os compañeiros/as do colectivo de Auxiliares e Oficiais 2ª con antigüidade, continúan discriminados salarialmente con respecto ao resto de Oficiais que realizan as mesmas funcións.

Con este sistema as Caixas obteñen a arelada seguridade xurídica evitando novas reclamacións de categoría individuais ou colectivas. A sinatura foi precipitada, era posible outro acordo máis xusto para este colectivo.